



Facultade de Ciencias da Educación
Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Traballo de
Fin de Grao

A posta en práctica da
Educación Plástica nas
aulas de Primaria

Autora: Lucía Táboas González

Titora: Olalla Cortizas Varela

Xullo 2018

A posta en práctica da Educación Plástica nas
aulas de Primaria

La puesta en práctica de la Educación Plástica en
las aulas de Primaria

The implementation of Plastic Education in
Primary classrooms

ÍNDICE

Resumo e palabras chave

1. Introducción	1
2. Marco teórico	2
2.1 O Decreto e a Educación Artística	2
2.2 A Educación Plástica	3
2.3 Por que ensinar Educación Plástica na escola?	4
2.4 Situación actual da Educación Plástica.....	5
2.5 Metodoloxía da Educación Plástica.....	6
2.5.1 Propostas metodolóxicas	6
2.5.2 Materiais, técnicas e procedementos.....	7
2.5.3 Concepcións	9
2.6 Educación Plástica e materiais didácticos	10
2.7 Libro de texto, como material máis empregado no ámbito educativo	11
3. Proceso de investigación	12
3.1 Proposta do problema	12
3.2 Obxectivos da investigación	13
3.3 Metodoloxía	13
3.3.1 Mostra	13

3.3.2 Instrumento	14
3.3.3 Validación de los instrumentos	15
3.3.4 Procedemento	16
3.4 Análise dos datos e resultados recadados.....	16
Dimensión I	17
Dimensión II	20
Dimensión III	26
3.5 Comparativa entre a Educación Plástica de 1º e 6º de Primaria.....	27
4. Conclusións.....	28
Referencias bibliográficas	31
Anexo I: cuestionario sobre a posta en práctica da Educación Plástica	33

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: curso actual no que imparten docencia os mestres.....	16
Gráfico 2: importancia da Educación Plástica	18
Gráfico 3: incremento do horario da Educación Plástica?.....	19
Gráfico 4: emprego da Educación Plástica durante as tres últimas semanas	21
Gráfico 5: actividades habituais nunha clase de Educación Plástica	22
Gráfico 6: a Educación Plástica relacionada con outras áreas?	24
Gráfico 7: materiais empregados na Educación Plástica	25
Gráfico 8: a Educación Plástica sen libro de texto?	26

RESUMO

O presente traballo de Fin de Grao en Mestre/a de Educación Primaria desenvolve unha investigación de campo, na cal se pretende analizar a situación actual sobre a posta en práctica da Educación Artística Plástica nas aulas de Educación Primaria.

Esta investigación partirá dunha revisión bibliográfica previa sobre os aspectos relacionados co ensino-aprendizaxe de dita materia, que serán complementados cunha enquisa destinada aos mestres tutores pertencentes a un centro educativo seleccionado por min mesma, co fin de descubrir cal é a realidade da aula hoxe en día e detectar se aínda se producen metodoloxías que dificulten o traballo do alumnado nesta área curricular. O obxectivo último é sinalar e recoller aqueles elementos chave que poden mellorar as dinámicas do traballo na Educación Plástica en vista das súas potencialidades.

Palabras chave: Educación Primaria, Educación Plástica, Expresión Plástica, coñecemento artístico, metodoloxía artística.

RESUMEN

El presente trabajo de Fin de Grado en Maestro/a de Educación Primaria desarrolla una investigación de campo, en la cual se pretende analizar la situación actual sobre la puesta en práctica de la Educación Artística Plástica en las aulas de Educación Primaria.

Esta investigación partirá de una revisión bibliográfica previa sobre los aspectos relacionados con la enseñanza-aprendizaje de dicha materia, que serán complementados con un cuestionario destinado a los maestros tutores pertenecientes a un centro educativo seleccionado por mí misma, con el fin de descubrir cuál es la realidad del aula hoy en día y detectar si aún se producen metodologías que dificulten el trabajo del alumnado en esta área curricular. El objetivo último es señalar aquellos elementos clave que puedan mejorar las dinámicas del trabajo en la Educación Plástica en vista de sus potencialidades.

Palabras clave: Educación Primaria, Educación Plástica, Expresión Plástica, conocimiento artístico, metodología artística.

ABSTRACT

The present Final Degree Project in Teaching Primary Education develops a field research, which aims to analyse the current situation regarding the implementation of Plastic Education in Primary Education classrooms.

This research will be based on a previous bibliographical review about the aspects related to the teaching-learning of the aforementioned subject. These aspects will be complemented with a survey for tutors pertaining to a school chosen by myself; with the purpose of discovering the reality in the classroom nowadays and of detecting if there are still methodologies hindering the student body's work in this curricular area. The ultimate goal is pointing out and gathering those key elements that are able to improve the dynamics of work in Plastic Education considering its potentialities.

Keywords: Primary Education, Plastic Education, Plastic Expression, artistic knowledge, artistic methodology.

1. Introducción

A miña motivación para realizar o presente Traballo de Fin de Grao parte do interese de descubrir a posta en práctica da área curricular da Educación Plástica, posto que despois de cursar as materias de Educación Visual e Plástica na Facultade de Ciencias da Educación decateime de que a Educación Plástica vai máis alá de traballos manuais e libros de texto. Así mesmo, os períodos de prácticas realizados en dous centros educativos diferentes, tamén me serviron para descubrir que a posta en práctica desta área está baseada en manualidades e presenta unha forte dependencia do libro de texto e das fichas por parte do profesorado. A crecente preocupación do tema exposto, levoume a investigar se noutros centros educativos ocorría o mesmo, polo que elaborei un cuestionario co fin de obter datos sobre a posta en practica de dita materia.

Co presente traballo pretendo dar resposta ás competencias adquiridas durante estes catro anos de formación. Para elo, as competencias específicas que se recollen na guía para a acreditación do grao en Mestre/a de Educación Primaria e que teñen unha maior presenza neste traballo de Fin de Grao son as seguintes:

[E.59]. Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.

[E.61]. Controlar e facer un seguimento do proceso educativo e, en particular, da ensinanza e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.

[E.62]. Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.

Este documento englobase dentro da segunda modalidade de Traballo de Fin de Grao, denominada *traballo de iniciación á investigación de campo*, xa que nun primeiro lugar preséntase un marco teórico para o que se levou a cabo un traballo de investigación documental previamente e no que se tratan aspectos relacionados coa Educación Plástica. Nun segundo lugar, lévase a cabo unha investigación de campo na que se utilizaron técnicas cuantitativas e cualitativas, as cales foron aplicadas na creación dun cuestionario destinado aos mestres titores para coñecer a posta en práctica da Educación Plástica. Finalmente, péchase o traballo cunha serie de conclusións finais nas que se recollen as principais reflexións, dando paso ás referencias bibliográficas e aos anexos.

Cabe mencionar que ao longo deste traballo, empregaranse os termos masculinos para incluír tanto aos suxeitos femininos como masculinos, co fin de axilizar a lectura do documento. Ademais, este modo de proceder estará combinado co emprego de termos xenéricos.

2. Marco teórico

2.1 O Decreto e a Educación Artística

O DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia expón que a Educación Artística engloba a Educación Musical e a Educación Plástica. Dita materia pertence ao bloque de disciplinas específicas e debe cursarse en tódolos niveis desta etapa educativa durante dúas horas semanais. Ademais, o Decreto manifesta que a Educación artística

[...] É de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais. (p. 37905)

O Decreto recolle que ao longo de toda a etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade e para a conexión natural con outras áreas do currículo, dándolle unha gran relevancia á produción de obras ou traballos realizados polo alumnado. Tamén, establece en dita área tres bloques de contidos, os cales deben comprenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global.

A Educación Plástica presenta:

- O bloque I: Educación audiovisual. Dedicado ao estudo da imaxe.
- O bloque II: Expresión artística. Referido á exploración e ao tratamento dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como a capacidade de expresión a través das creacións artísticas propias.

- O bloque III: Debuxo xeométrico. Destinado ao desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área das matemáticas.

A Educación Musical presenta:

- O bloque I: A escoita. Faise fincapé na audición activa e no respecto do proceso da audición.
- O bloque II: A interpretación musical. Ten como obxectivo a creación de produtos musicais.
- O bloque III: A música o movemento e a danza. Destinado ao desenvolvemento da expresión do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza.

En canto a metodoloxía da Educación Artística, o Decreto establece que o docente debe ser un orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e presentando atención á diversidade. A súa vez, debe empregar metodoloxías activas e contextualizadas enfocadas á realización de tarefas ou situacións-problema que o alumno deba resolver mediante prácticas de traballo individual ou cooperativo.

2.2 A Educación Plástica

A denominación oficial de dita materia presentou modificacións ao longo das sucesivas etapas do sistema educativo. Tradicionalmente denominábase “debuxo” pero a mediados do século XX comezaron a empregarse outros tipos de denominacións como: Artes Plásticas, Expresión Plástica, Educación Visual... as cales seguen cambiando con motivo das reformas educativas (Marín, 2003). A pesar disto, hoxe en día continúa a denominarse así, erroneamente, posto que o debuxo é soamente unha das disciplinas da Arte, en cambio a Plástica abarca todas as disciplinas (Pérez, 2002). “Ahora bien, Educación Artística es, actualmente la denominación más frecuente e internacional: <<art education>> en inglés, <<arte-educacao>> en portugués, o <<éducation artistique>> en francés” (Marín, 2003, p. 9).

A Educación Plástica é unha área que inclúe diversas disciplinas, técnicas e actividades polo que non é doado limitar unha definición. Achegándonos a unha definición, podemos dicir que:

En plástica no solo se dibuja, también se pinta, se hace escultura, modelado, grabado, se construyen títeres, ambientaciones, maquetas, se puede trabajar con el lenguaje de la fotografía, el vídeo, el diseño gráfico y también usar las computadoras entre otras cosas. Pero, aunque es posible seguir enumerando una larga lista de disciplinas artísticas y actividades, aun así todavía no se definiría qué es la plástica; porque plástica es mucho más que eso, **plástica es arte, es expresión, comunicación, juego y magia.** (Pérez, 2002, p.11)

2.3 Por que ensinar Educación Plástica na escola?

A Educación Plástica é unha materia que está presente en todos os niveis do sistema educativo. Aparece na Educación Infantil outorgándosele unha gran importancia, posteriormente na Educación Primaria e tamén forma parte da Ensinanza Secundaria de maneira obrigatoria ou optativa (Marín, 1991).

Esta materia convértese nunha oportunidade para a expresión persoal do alumnado que á súa vez, pode aprender o respecto cara si mesmo e cara os demais, a desenvolver a súa autoestima, a responsabilidade, a tomar decisións, a valorar o seu traballo e o dos demais, a axudar, a cooperar e a desenvolver aptitudes manuais e técnicas (Pérez, 2002).

Tamén, permite coñecer mellor ao alumnado, descubriendo cales son os seus intereses e coñecementos previos, xa que ao mesmo tempo que crean, exprésanse e comunícanse, deste xeito esta información será relevante para lograr as aprendizaxes significativas (Pérez, 2002).

Nesta área, o alumnado adquire beneficios como o poder de explorar e investigar os materiais, as diferentes técnicas e o mundo que o rodea, desenvolvendo unha maneira individual e orixinal de pensar. Este pensamento orixinal denomínase “diverxente”, “lateral” ou “creativo”, desenvólvese empregando o pensamento ilóxico e mediante actividades nas cales non existe unha única resposta. Todo isto, será moi útil para adaptarse ás circunstancias que se presenten na vida, sendo persoas máis sensibles, máis sans e máis felices (Pérez, 2002).

En resumo, e tal e como manifesta Acaso (2017) apoiando aos autores anteriores, a importancia da Educación Plástica dentro do contexto educativo ten unha función primordial, posto que desenvolve o pensamento propio, independente e crítico para preparar ao alumnado na construción de saberes e na toma de decisión de maneira autónoma.

2.4 Situación actual da Educación Plástica

Nesta área a dedicación horaria é bastante reducida a pesar do carácter obrigatorio. O máis frecuente nos centros é que a materia de Educación Artística (Plástica) sexa impartida por profesorado non especialista, é dicir, xeralista (Martínez e Gutiérrez, 2011). Este mestre é o que se encarga de impartir as materiais troncais: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.

Durante moitos anos, estivo presente unha tendencia na que se consideraban as actividades artísticas como traballos manuais, os cales contribuían ao desenvolvemento de destrezas e ao perfeccionamento da psicomotricidade, provocando a aparición de actividades miméticas e repetitivas como o coloreado de debuxos (Maeso, 2003). Actualmente, a ensinanza de dita materia continúa orientada ao desenvolvemento de destrezas e habilidades motrices, limitando a verdadeira función da Educación Plástica e converténdose nunha actividade guiada e excesivamente dirixida (Martínez e Gutiérrez, 2011).

Ademais, a Educación Plástica continúa desconectada da realidade social, quedando os procesos importantes en suspense e desprazados polas manualidades como pode ser o desenvolvemento do pensamento crítico e individual (Acaso, 2017). Isto non implica non realizar actividades manuais co alumnado pero si actividades máis variadas onde descubra o verdadeiro significado da Educación Plástica.

Na actualidade, existen escolas que fan un esforzo por dedicarlle a ensinanza desta área a atención que se merece no contexto educativo, o que ocorre é que a maioría carecen de apoio institucional. Ademais, xurde unha gran necesidade de conseguir profesorado especialista e aportar recursos adecuados en relación as instalacións, os materiais curriculares, etc. (Maeso, 2003).

2.5 Metodoloxía da Educación Plástica

Calquera metodoloxía da área de Educación Plástica debe ser: **activa** por parte do alumnado, xa que a mellor forma de construír o coñecemento artístico é a través das propias experiencias creativas; **participativa** posto que o alumnado debe participar en todo o seu proceso de aprendizaxe; **integradora**, é dicir, integrar as linguaxes artísticas; **interdisciplinar** para colaborar con outras áreas en proxectos globais ou específicos; e incluír **actividades** individuais e de grupo. Estas actividades deben estar **vinculadas ao medio**, dado que o entorno próximo é unha boa fonte de motivación, documentación e análise estético. A motivación é un factor moi importante, posto que cando un alumno está motivado traballa con máis ganas, influíndo na súa conducta e na súa produción artística. Ademais, as actividades deben levarse a cabo mediante procesos variados de creación, expresión, reflexión, acción, análise, estudo, descubrimento, cooperación, xuízo crítico e autocrítico (Maeso, 2003).

Acaso (2015) apoia os aspectos metodolóxicos presentados anteriormente pero incide na necesidade do cambio a través da *brecha metodolóxica*. Para elo é necesario deixar de falar de metodoloxías únicas e introducir as micrometodoloxías na aula, é dicir, cada docente debe inventar unha metodoloxía para cada grupo e para cada momento. Para deseñar esas micrometodoloxías María Acaso fala de cinco elementos clave que son: unha educación individualizada, unha comunidade democrática, incorporar o corpo na súa totalidade, pasar dunha experiencia de aburrimiento a unha experiencia de goce e transformar a educación baseada na avaliación nunha educación baseada na aprendizaxe. Esta metodoloxía artística atopa a forza nos modos de coñecemento artístico e nos referentes da Arte Contemporánea.

2.5.1 Propostas metodolóxicas

Para lograr aprendizaxes significativas é necesario empregar un enfoque globalizado na educación. Dito enfoque pretende integrar os contidos e interrelacionar as áreas de maneira natural. Na Educación Plástica, os métodos máis adecuados para levar a cabo as aprendizaxes significativas son os talleres e os proxectos. Nos cales se parte sempre dos coñecementos previos e dos intereses do alumnado (Pérez,2002).

Un taller caracterízase principalmente por aprender facendo. Nel trabállase, elabórase e transfórmase algo para ser utilizado ou non, xa que por exemplo as obras de arte non teñen unha utilidade práctica. O taller está relacionado co lúdico e co creativo, producíndose unha maior participación do alumnado e favorecendo a propia adaptación individual. En canto os proxectos de traballo tamén se caracterizan por unha maior participación do alumnado a través da investigación.

Para poñer en práctica certas actividades, preséntanse dúas propostas metodolóxicas, a pesar de que as posibilidades son moitas. Ambas propostas deben partir dunhas consignas previamente dadas, as cales débense ir variando para evitar o aburrimiento por parte dos discentes. Estas propostas son (Pérez, 2002):

- O mestre expón un tema concreto e o alumnado elixe a técnica que vai empregar para levalo á cabo.
- O mestre propón diversos temas e o alumnado escolle un deles dependendo dos seus intereses.

2.5.2 Materiais, técnicas e procedementos

Para realizar unha actividade nesta área, os materiais non son o elemento máis importante pero si é necesario ter unha certa gama para que o alumnado poida elixir con que elemento vai traballar e experimentar. Existen moitos tipos de materiais e clasifícanse en cinco grandes bloques, que son: soportes, elementos ou materiais para a pintura, para o debuxo e o gravado, para a escultura e o modelado e o *software* informático para o deseño (Pérez, 2002).

Os soportes son calquera superficie utilizada como base para realizar unha obra; neste bloque inclúense os papeis como as follas de máquina, o papel de seda, as cartolinas, os cartóns, o papel metalizado, o papel vexetal e outros tipos de soportes como os bastidores, as caixas, as madeiras de todo tipo, os metais, as paredes, as telas, os vidros, etc.

Os elementos ou materiais para a pintura poden ser moi variados e diversos; neste bloque entran as pinturas (acrílicos, acuarelas, óleo, esmaltes para vidros, pintura de dedos, xices, témperas...), as paletas (cubeteras, envases plásticos ou de cartón, paletas de pintor,

pratos vellos, tapas...), os pinces e os frascos que son útiles para a auga ou para realizar mesturas.

Tamén, existen unha ampla gama de materiais para o debuxo como poden ser as barras de grafito, os bolígrafos, as carbonillas, as ceras, os lapis de cores, os lapis negros, as plumas, a tinta china, os xices de pizarrón, etc. Nas artes gráficas os materiais responden á especificidade da tipoloxía empregada (gravado en oco, en plano, de relevo...), estes materias para o gravado poden ser: pranchas serigráficas, de linóleo, metacrilatos, gomas de borrar para selos, punzóns, etc.

Para a escultura e o modelado podemos traballar modelando, tallando, ensamblando... diferentes materiais. Estes materiais poden ser os fíos, a arxila, as cañas ou os paus, a lá, as pastas para modelar, as tiras de papel, o xeso, os obxectos de reciclaxe, etc.

Por último, temos o bloque de *software* para a arte e o deseño. Neste bloque recóllense unha serie de programas de debuxo como poden ser o *Paint* ou o *Adobe Illustrator*. Outros como o *Photoshop* ou o *GIMP* que resultan excelentes para o tratamento fotográfico de imaxes dixitalizadas. O *movie maker* para a edición de vídeos. Programas de diagramación como o *Adobe Page Maker* para a elaboración de revistas, por exemplo. Todos estes programas de deseño poden ser de gran axuda na escola e debemos complementalos con outros materiais cos que temos un contacto directo.

Todos os materiais mencionados aquí non son os únicos nin os imprescindibles. Moitos deles teñen un alto prezo polo que introducilos na escola pode resultar complexo, pero si poderían ser empregados en ocasións especiais. Aínda así, nunca se pode deixar de facer plástica por carecer de materiais, debemos pensar como conseguilos ou crealos. Deste xeito, só hai dous materiais imprescindibles para as actividades plásticas: a imaxinación e o enxeño (Pérez, 2002). Cabe mencionar, que na actualidade as fronteiras entre as disciplinas non son tan pechadas, de modo que os artistas xogan a expandir e abrir as posibilidades dos materiais tradicionais, podendo debuxar con arxila, lá ou fume e incluso realizar unha escultura de xeo.

Ademais, para traballar a Educación Plástica existe unha innumerable cantidade de técnicas, dende as máis antigas e tradicionais ata as máis modernas e innovadoras. Aínda así, é recomendable empregar técnicas sinxelas e produtivas no ensino-aprendizaxe do alumnado de Educación Primaria (Pérez, 2002).

2.5.3 Concepcións

Dentro da metodoloxía, cabe destacar algunhas concepcións que se dirixen aos contidos e aos obxectivos da ensinanza actual da Educación Plástica. Estas concepcións soen atoparse mesturadas en calquera aula ou escola, neste caso Eisner (2004) realiza unha descrición delas de maneira individualizada. Estas concepcións son: a ensinanza da arte baseada nas disciplinas, a cultura visual, a resolución creativa dos problemas, a expresión persoal creativa, a educación artística como preparación para o mundo laboral, as artes e o desenvolvemento cognitivo, o uso das artes para mellorar o rendemento escolar e as artes integradas. Ademais, a diversidade de todas estas concepcións pode levar a unha tensión entre os principios e a práctica docente.

Los principios son carentes de flexibilidad son rígidos. Y lo que es rígido suele romperse. La práctica que carece de principios no tiene norte; no sabe hacia dónde se dirige. Debemos ser prácticos y tener principios, creando la mezcla adecuada para cada ocasión concreta. (Eisner, 2004, p.65)

Por isto, considero que as concepcións máis importantes actualmente son a ensinanza baseada nas disciplinas e as artes integradas. A ensinanza da **arte baseada nas disciplinas** é coñecida tamén por EABD e diríxese a catro obxectivos principais. O primeiro é axudar ao alumnado a desenvolver a súa propia imaxinación e adquirir as aptitudes técnicas para traballar adecuadamente cos materiais. O segundo obxectivo é axudarlles aos discentes a aprender a observar as calidades da arte. O terceiro e o cuarto están centrados en axudar aos estudantes a comprender o contexto histórico e cultural no que se crea a arte, así como a comprender os valores que a arte nos transmite e nos ofrece. Outra das nocións son as **artes integradas** no *curriculum* doutras materias. As artes empréganse para que os estudantes comprendan un período histórico concreto ou unha cultura; outra maneira de integración é dentro das propias artes, axudando a que o alumnado identifique as similitudes e diferenzas nas distintas artes; que identifiquen un tema que se poida explorar en arte e noutros campos; que os estudantes definan un problema que se poida abordar dende a arte e outras disciplinas.

2.6 Educación Plástica e material curricular

Rodríguez (2010) expresa que “na didáctica emprégase o concepto de material curricular para referirse aos recursos que axudan ao profesorado no desenvolvemento e concreción do currículo nos seus contextos específicos” (p. 397).

Calquera material curricular debe presentar unha serie de características e funcións, Guerrero (2009) e Pérez (2010) expoñen as seguintes:

- Facilitade de uso, é dicir, se é controlable ou non polos mestres e alumnos.
- Emprego individual ou colectivo.
- Versatilidade. Refírese a adaptación a diversos contextos.
- Abertos, permitíndonos a modificación dos contidos que se van tratar.
- Que promovan o uso doutros materiais e a realización de actividades complementarias.
- Que proporcionen información.
- Que presenten a capacidade de motivación, é dicir, que motive ao alumno. Os materiais deben espertar e manter o interese e a curiosidade cara a súa utilización.
- Que sexan adecuados ao ritmo de traballo do alumnado (características psicoevolutivas: desenvolvemento cognitivo, capacidades, intereses, necesidades...).
- Deben estimular o desenvolvemento de habilidades metacognitivas e estratexias de aprendizaxe nos alumnos.
- Esfuerzo cognitivo, é dicir, que lles facilite ao alumnado aprendizaxes significativas e transferibles a outras situacións.
- Dispoñibilidade, estar dispoñibles no momento que se necesitan.
- Deben guiar as aprendizaxes e instruílas.
- Avaliar os coñecementos e habilidades que se teñen.
- Proporcionarlle ao alumnado entornos para a observación, exploración e experimentación, así como para a expresión e a creación.

Hoxe en día ao igual que fai unha década “os materiais curriculares elaborados en soporte papel e en especial os libros de texto, constitúen un dos principais recursos para o docente, se non o principal en moitos casos” (Rodríguez, J. 2010, p. 397). Por este motivo, a continuación tratarase o libro de texto como o material máis empregado no ámbito educativo.

2.7 Libro de texto, como material máis empregado no ámbito educativo

O libro de texto é unha ferramenta de traballo. Un recurso técnico que facilita a asimilación dos saberes elaborados ao alumnado e así mesmo, simplificando as tarefas do profesorado (Martínez, 2002).

Ao longo da historia, a concepción de educación foi evolucionando pero non en tódolos aspectos nin en tódolos ámbitos. Guerrero (1996) afirma:

El libro de texto constituye un recurso didáctico de primer orden en el aula, donde es utilizado de forma cotidiana y casi universal. En la mayoría de las aulas, la metodología se dirige y guía a través de los libros de texto, de los que se siguen fielmente las lecciones y los ejercicios de cada tema. (p.232)

Por outro lado, Pérez (2010) expresa que os libros de texto responden a unha concepción de educación homoxénea. Esta educación está centrada nos coñecementos e na memorización, onde o mestre pretende que se cumpran funcións transitivas. Co uso do libro de texto, como único material, imposibilitase coñecer se o alumnado aprendeu ou o comprendeu. “En un libro de texto al poner las cosas en color le está diciendo al niño qué es lo que debe aprenderse y al profesor por otro lado qué es lo que debe preguntar, por lo tanto quita autonomía” (Pérez, 2010, p.1).

Regresando a Guerrero (1996), o emprego do libro de texto relacionase coa comodidade do mestre, xa que nel atopa un recurso de control da aula, esquecéndose de preparar a clase e de confeccionar el mesmo outros materias. Sen embargo, si os libros de texto facilitan a tarefa do docente, ao mesmo tempo descualifícanos posto que lle restan autonomía, sendo as editoriais as encargadas de desenvolver os programas e conceptualizar o coñecemento educativo no lugar do profesor.

Gracias a traballos de investigación, realizados durante os últimos anos, podemos afirmar que a maioría do profesorado continúa empregando os libros de texto como principal recurso de instrución, aínda que estes non son o único medio a empregar polos docentes. O uso habitual dos libros de texto durante un período longo, provoca que a escola amose a imaxe da normalidade (Martínez e Rodríguez, 2010).

Por este motivo, Marco (2008) defende eliminar o negocio das editoriais posto que ofertan aos centros educativos un material innecesario e de mala calidade para esta materia. Con estes materiais, referímonos aos *cuadernillos* e os libros de texto destinados ao alumnado, os cales non ensinan a pensar, nin a escoitar, nin a ver, nin a ser persoas, nin a comprender o mundo e a quen o habita. O libro de texto, polo tanto convértese nunha pedagogía tóxica. Que é unha pedagogía tóxica? A pedagogía tóxica é aquela que se instaura como lexítima dentro do contexto educativo e que a maioría do alumnado critica pero que termina reproducindo cando se converte en docente. Un dos grandes logros desta pedagogía é que consegue que ninguén se cuestione o sistema e que o aceptemos sen reflexionar (Acaso, 2009).

Esta pedagogía recoñécese, dado que presenta algunhas características como: operar de maneira agochada, é dicir, está sen que se note, empregando unha metodoloxía sexista, clasista e racista; procura que o alumnado aprenda o menos posible; ten unha base de control polo control como pode ser pasar lista, establecer castigos, crear mal ambiente, etc.; e resulta aburrida e paralizante (Acaso, 2009).

3. Proceso de investigación

Esta investigación está destinada ao contexto educativo da Educación Primaria, concretamente aos mestres titores que imparten a materia de Educación Plástica. A continuación, descríbese o proceso de investigación e os métodos empregados para levala a cabo.

3.1. Proposta do problema

Durante os tres períodos de prácticas, descubrín unha gran dependencia do libro de texto e das fichas por parte do profesorado. Isto fixo que decidise afondar máis e descubrir se noutros centros educativos ocorría o mesmo na área de Educación Plástica. Polo tanto, propúxenme coñecer a práctica docente en dita materia.

3.2. Obxectivos da investigación

O obxectivo principal desta investigación é dar a coñecer a posta en práctica dos docentes na área de Educación Plástica. En menor medida, outros obxectivos que están presentes son achegarse ao grao de importancia que o profesorado lle outorga a dita materia e coñecer a dependencia ou independencia do libro de texto e das fichas como ferramenta única na labor docente. Ambos puntos poden ser de grande interese, xa que inflúen na posta en práctica de cada docente.

3.3. Metodoloxía

Para levar a cabo esta investigación deséñase un cuestionario, co fin de recoller información no ámbito educativo, máis concretamente información sobre a práctica docente na área de Educación Plástica. Este cuestionario está destinado aos mestres titores do centro seleccionado para realizar a investigación.

3.3.1. Mostra

Neste caso, a poboación como obxecto de estudo (mostra) estivo constituída polos doce mestres da etapa de Educación Primaria do centro seleccionado para a investigación e que imparten a materia de Educación Plástica.

Estes doce mestres teñen unha idade comprendida entre os 25 e 57 anos de idade. Levan impartindo docencia de vinte á trinta anos, coa excepción dunha das mestras que é o primeiro ano que traballa nun centro educativo.

O centro seleccionado para a investigación atópase situado na provincia de Pontevedra, concretamente na cidade de Vigo. É un colexio público e acolle arredor duns 380 alumnos de Educación Infantil e Primaria. Actualmente conta cunha liña dobre (A e B) e doce unidades para a Educación Primaria. As unidades están formadas por unha ratio de 20 a 25 alumnos. O alumnado do centro pertence a un medio sociocultural medio-alto, tendo en conta o nivel educativo dos pais e nais, que nunha porcentaxe elevada teñen estudos medios ou superiores.

Para seleccionar esta mostra tivéronse en conta os seguintes criterios: que fosen mestres titores dun grupo-clase e que impartisen a materia de Educación Plástica na etapa de Educación Primaria. Para a selección non se tivo en conta nin a idade, nin o sexo, nin os anos que levan impartindo docencia os mestres pero si posteriormente para a análise da investigación.

3.3.2. Instrumento

Con respecto aos métodos que se empregan na presente investigación, atópanse os cuestionarios de investigación cuantitativa, aínda que algunhas das preguntas abertas poden ser valoradas dun xeito máis cualitativo.

O cuestionario elaborado presenta trece preguntas, combinando cuestións de resposta pechada (ordenación, resposta múltiple, verbais, numéricas...), semiabertas e abertas, nas que o enquisado pode responder de maneira máis ampla e libre (anexo I).

Considérase que o cuestionario é o mellor instrumento para realizar a investigación, xa que se pretende achegar a unha mostra representativa do profesorado da provincia de Pontevedra, concretamente do centro educativo seleccionado, para coñecer diversos aspectos referidos á área de Educación Plástica. Con este instrumento recádase información de moitas persoas ao mesmo tempo, cun custo económico baixo e dunha maneira rápida. Ademais, o cuestionario permítenos realizar comparacións e establecer relacións (Fernández, 2018).

Con este instrumento, preténdese recoller información principalmente sobre a posta en práctica da área de Educación Plástica, como se mencionou anteriormente. Para elo, o cuestionario atópase dividido en tres dimensións:

- Dimensión I: importancia da Educación Plástica
- Dimensión II: posta en práctica da Educación Plástica
- Dimensión III: libro de texto e fichas

Cabe mencionar que estas dimensións complementáanse e son necesarias para coñecer a posta en práctica de cada docente e realizar unha mellor investigación.

3.3.3. Validación do instrumento

A fiabilidade das investigacións cuantitativas e cualitativas depende principalmente das técnicas e dos instrumentos que se utilicen para medir e elaborar os datos. Neste caso, o instrumento seleccionado para a recollida de información é un cuestionario elaborado por min mesma, como xa mencionei anteriormente. O cuestionario foi validado por especialistas tanto da área de Didáctica da Expresión Plástica e Musical como da área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.

O proceso de construción do instrumento elixido comeza coa planificación, partindo da propia reflexión do asunto que constitúe a miña investigación, neste caso a posta en práctica da Educación Plástica. Nesta fase clave, a planificación do cuestionario seguiu os seguintes pasos:

- 1) Definir o meu obxectivo
- 2) Decidir a información que desexaba obter
- 3) Escoller a mostra
- 4) Planificar o contido e estrutura das preguntas
- 5) Deseñar o cuestionario: redacción formal
- 6) Validación do cuestionarios polos docentes
- 7) Reformulación
- 8) Aplicación piloto
- 9) Reformulación
- 10) Cuestionario definitivo
- 11) Aplicación

Cabe mencionar que a construción do cuestionario convértese nun factor esencial para o desenvolvemento da miña investigación e para a consecución dos obxectivos establecidos.

3.3.4. Procedemento

Para levar a cabo esta investigación, seguíronse unha serie de pasos dende o inicio ata a recollida da información. En primeiro lugar, púxenme en contacto con algúns centros para coñecer en cales a Educación Plástica se impartía polo mestre titor e non por un especialista. Co termo de mestre especialista, refírome a un mestre que é encargado da docencia exclusiva desta materia, posto que actualmente non hai unha mención específica para a Didáctica das Artes como é o caso do Inglés ou da Educación Física. Isto levoume a descubrir que na maioría dos centros, cos cales me puxen en contacto teñen un docente exclusivo para impartir dita materia.


Unha vez establecida a primeira toma de contacto cos centros, fixen a elección do centro e comuniquéilles persoalmente que me gustaría que participasen no meu traballo de Fin de Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Cal foi o motivo da miña elección? Por que ese centro e non outro? A resposta é sinxela. Escollo este centro educativo por ter unha relación cercana cunha das mestras actuais do centro e por pertencer á miña contorna próxima.

3.4. Análise dos datos e resultados recadados

Como ben se dixo anteriormente, a finalidade desta investigación é coñecer a posta en práctica dos docentes na área de Educación Plástica, a través dun cuestionario deseñado especificamente para os mestres titores. Cabe mencionar que tódolos gráficos que se recollen neste apartado son de elaboración propia a partir da información recadada.

En primeiro lugar, sinalar que os doce mestres que forman o claustro de Educación Primaria neste centro (como podemos observar na gráfica) responderon ás preguntas propostas do cuestionario e ofreceron resultados moi interesantes, os cales se comentan de seguido.

Gráfico 1: curso actual no que imparten docencia os mestres



Fonte: elaboración propia

En segundo lugar, se analizamos os cuestionarios de maneira individual, pódese observar como a idade dos mestres e os anos que levan impartindo docencia non inflúe á hora de ser máis ou menos innovadores nesta área curricular. Todos eles seguen unhas liñas moi similares, o que pode deberse á boa relación e cooperación entre os mestres do centro educativo. A continuación, preséntanse os resultados obtidos da investigación e as deducións tralo análise dos mesmos nas diferentes dimensións do cuestionario.


DIMENSIÓN I: importancia da Educación Artística (Plástica). Nesta dimensión englobanse as preguntas unha, dúas, tres e catro do cuestionario. A finalidade desta primeira parte é descubrir o grao de importancia que os docentes lle ceden a esta materia; co vocábulo “importancia” refírome as valoracións e actitudes que amosa o profesorado cara a Educación Plástica. Esta dimensión é moi importante, xa que influirá na seguinte (dimensión II).

Na primeira pregunta (defina como entende a materia de Educación Plástica), obtivéronse respostas moi variadas por parte dos doce mestres. Algunhas das respostas obtidas foron as seguintes: “a ensinanza das distintas modalidades da arte”; “materia moi importante, na cal o alumnado expresa a súa personalidade, medos, soños, reflexa a súa vida...”; “é un proceso de transmisión de valores, emocións, contribúe ao desenvolvemento intelectual a través da creación, expresión emocional...”; “necesaria para o desenvolvemento da imaxinación, motricidade e da cultura artística”; “materia importante como calquera outra”; “Como unha oportunidade de expresar o que os cativos teñen dentro: arte pura pura arte”.

Se relacionamos as respostas obtidas e a parte teórica do traballo pódese observar como os mestres recollen de maneira xeral os aspectos principais da materia que se establecen no Decreto, centrándose maioritariamente en cuestións relativas á Expresión Plástica. Resulta difícil detectar nas súas respostas outros aspectos importantes como os referidos ao pensamento crítico.

Na seguinte pregunta (que grao de importancia cre que ten a Educación Plástica na educación do alumnado? Escolla do 1 ao 5, sendo 1 o valor mínimo e 5 o valor máximo) descubrimos que 10 dos 12 mestres (83,3%) danlle o valor máximo, tal e como podemos observar na gráfica. O que resulta moi coherente coas respostas que dan na primeira pregunta.

Gráfico 2: importancia da Educación Plástica




Fonte: elaboración propia

Os dous mestres restantes concédennlle un valor inferior a cinco, isto pode deberse a falta de coñecementos ou a falta de formación e interese en dita área por parte do profesorado. Posiblemente esta pregunta precisaría dun por que nunha próxima análise para achegarse a un motivo concreto.

A terceira e a cuarta pregunta están relacionadas co horario da Educación Plástica. A maior parte do conxunto de mestres, considera que o horario establecido polo *currículum* de Educación Primaria é insuficiente para traballar dita área. Como podemos observar na seguinte gráfica, responden 11 de 12 mestres e o 100% das respostas din que incrementarían o horario se fose posible.

Gráfico 3: Incremento do horario da Educación Plástica?



Fonte: elaboración propia

De maneira xeral, os motivos que máis se repiten entre o profesorado do centro para considerar que o tempo desta materia é insuficiente, están relacionados coa amplitude da área, é dicir, os mestres consideran que os contidos son excesivos e o tempo establecido é escaso para sacar o máximo rendemento á Educación Plástica. Outros dos motivos están relacionados coa necesidade e a importancia da materia no desenvolvemento integral do alumnado.

A continuación, preséntanse algúns motivos literais que da o profesorado respecto a súa opinión de incrementar o horario: “porque é un aspecto moi amplo e hai moito que traballar”; “porque é moi importante para o desenvolvemento do alumnado e para mellorar as súas destrezas e habilidades”; “porque o horario non é suficiente para que o alumnado poida coñecer e expresar o seu talento”; “porque é moi importante e non ten ese recoñecemento socialmente”; “porque ás veces é máis sinxelo comprender e visualizar mediante a plástica”; “porque completa a todas as materias”; “porque axuda a sentirse ben a aqueles alumnos que destacan neste tipo de intelixencia e non noutras”.

O docente que non participa na pregunta, expresa mediante o símbolo “ ? ” que non sabe se incrementaría o horario ou non, xa que considera que a mellor forma para traballar a Educación Plástica é tirar máis da espontaneidade do alumno e buscar momentos para plasmala, sen necesidade dun horario estipulado e ríxido.

Por outro lado, o 100% da mostra acepta que na práctica docente dedica máis tempo do establecido, concretamente entre dúas e tres horas semanais. Algúns mestres expresan que incrementan o horario integrando a materia con outras. Incluso, un dos enquisados menciona que emprega ratos libres e recreos de maneira voluntaria para que o alumnado goce da Educación Plástica, o que fai espertar dúbidas sobre o uso que fan ou se pode facer desta área. É preciso mencionar, que a medida que o alumnado crece e pasa de curso durante esta etapa educativa, o ensino-aprendizaxe da Educación Plástica sofre unha caída e degrádase.

En función de todas e cada unha das respostas obtidas, pódese deducir que en xeral o profesorado deste centro considera necesario, positivo e importante o ensino-aprendizaxe da Educación Plástica para o desenvolvemento do alumnado en todos os seus ámbitos e as súas facetas.


Cabe destacar que as respostas obtidas foron inesperadas. Desde o inicio da fundamentación teórica deste traballo, considerábase que a maior parte do profesorado vía a Educación Plástica como algo inexistente, sen importancia para a vida dos cativos e como un método para telos entretidos. Posiblemente se chega a esta dedución polas experiencias vividas como alumna e como mestra en prácticas, ademais de tódalas connotacións negativas que se escoitan habitualmente na sociedade sobre dita materia. Polo tanto, os resultados acadados no centro seleccionado para o estudo, indícanos que os modelos ríxidos de fichas están sendo cambiados e remplazados aínda así, os novos modelos deberían ter unha perspectiva moito máis ambiciosa, potenciando e abarcando todos os aspectos da Arte.

DIMENSIÓN II: posta en práctica da Educación Plástica. Esta dimensión comprende as preguntas cinco, seis, sete e oito do cuestionario. A finalidade desta segunda parte é coñecer para que e como se emprega a hora de Educación Plástica no contexto educativo.

Na seguinte pregunta (para que empregou a hora de Educación Plástica nas tres últimas semanas?), podemos observar na gráfica que oito de doce mestres (66,7%) non realizou durante as últimas semanas ningunha das actividades propostas. En maior medida, os mestres propoñen outras actividades relacionadas co campo de coñecemento do facer como poden ser as seguintes: “crear cadros”; “realizar materiais en 3D e coloreado de figuras xeométricas”; “elaboración de *collages*”; “creación de paisaxes con ceras, témperas...”; “manualidades

variadas”; “construcción de obxectos a partir de material reciclado” e “decoración de paredes”. En menor medida, propoñen outras relacionadas co campo de coñecemento do coñecer como pode ser a seguinte: “coñecer pintores galegos”.

Gráfico 4: emprego da Educación Plásticas durante as tres últimas semanas




Fonte: elaboración propia

Cabe mencionar que estas opcións de resposta foron seleccionadas entre unha ampla variedade porque se consideraban que podían ser as máis habituais nas aulas de Primaria. Dentro da ampla variedade de respostas, atopábanse outras opcións máis arriscadas como as instalacións ou intervencións artísticas nos corredores do colexio.

A pregunta sete está moi relacionada coa anterior, xa que nela pídeselle aos docentes que escollan as actividades que adoitan realizar na materia de Educación Plástica, sendo esta cuestión de opción múltiple. Como podemos observar na gráfica, o alumnado realiza diferentes actividades ao longo do curso, sendo as máis habituais as actividades tradicionais como a elaboración de murais (+75%), a decoración da aula en épocas como o nadal ou o entroido (+50%) e o debuxo libre (+50%). Cabe destacar que a realización de proxectos interdisciplinarios tamén ten unha gran presenza neste centro (+50%).

Gráfica 5: Actividades habituais nunha clase de Educación Plástica



Fonte: elaboración propia

Enlazando a parte experimental e o marco teórico, cabe lembrar que a realización de traballos manuais contribúe ao desenvolvemento de destrezas e ao perfeccionamento da psicomotricidade, por este motivo os mestres neste tipo de actividades deben lograr un equilibrio, é dicir, non as deben descoidar e ignorar pero tampouco convertelas en actividades miméticas e repetitivas. Por exemplo, o debuxo libre é unhas das actividades máis realizadas nos primeiros cursos da Educación Primaria. Esta actividade debe seguir realizándose ao longo dos cursos, posto que os debuxos do alumnado brindan moita información sobre o seu desenvolvemento social e emocional.

Para a realización deste tipo de actividades nas cales se inclúe o debuxo libre, débese ter en conta que o desenvolvemento artístico dos cativos non é unha consecuencia automática da maduración. Se o desenvolvemento artístico fose unha consecuencia automática da maduración non teríamos mestres de Arte, nin de Música, nin de Matemáticas, nin doutra área curricular. O alumnado debe ter liberdade para explorar e actuar pola súa conta pero só deste xeito, non logrará aflorar a súa capacidade de innovación. Para que os

resultados sexan máis substanciais o mestre debe deseñar un entorno e apoiar ao alumnado para que poida fomentar o seu desenvolvemento (Eisner, 2004).

Ao longo do documento pódense observar certas respostas dos mestres que se analizamos en profundidade achégannos a súa concepción de Educación Plástica. Nela, en certa medida, está presente o mito romántico do artista xenio para o que a instrución parece non ser necesaria, modelos nos que se impulsa o facer por facer e a expresión pola expresión.


Esta área debe ir máis alá do facer, atendendo a outros campos de coñecemento como son o coñecer e o falar (Eisner, 2004). O profesorado debería arriscar e potenciar outro tipo de actividades nas cales o alumnado poida desenvolver amplamente o seu pensamento crítico, explorar e investigar.

Algúns mestres, nesta pregunta aportan outras opcións de actividades que realizan ao longo do curso como poden ser: “estudo de distintos pintores”; “manualidades con materiais diversos”; “modelado de plastilina”; “creación de *collages*”; “creación de elementos”; “pintar sentimentos e emocións”. A pesar de que son actividades diferentes as recollidas nas opcións de resposta, seguen os mesmos principios mencionados anteriormente.

As visitas de exposicións virtuais e os debates de obras foron dúas actividades propostas polas mestras de cuarto nivel. Nestas actividades, o alumnado pode participar activamente, descubrir, reflexionar e opinar de maneira crítica, o que fai que se convertan en actividades máis innovadoras con respecto ás mencionadas anteriormente. Estas actividades atenden a outros campos de coñecemento que van máis alá do facer, estes campos son o coñecer e o falar (Eisner, 2004).

A pregunta número seis pretende achegarse ao modo de traballar a Educación Plástica dos mestres. Como podemos observar na gráfica, dez de doce mestres traballan a materia relacionada con outras áreas do *currículum* como poden ser as linguas, as matemáticas, as Ciencias Naturais e as Ciencias Sociais.

Gráfico 6: A Educación Plástica relacionada con outras áreas



Fonte: elaboración propia


Se enlazamos a parte experimental e o marco teórico deste traballo, cabe recordar que traballar de maneira integrada nas diferentes áreas curriculares é moi importante para que o alumnado logre aprendizaxes significativas.

Actualmente no centro, a área máis traballada coa Plástica é a Lingua Galega, o que resulta gratificante. En cambio, a miña experiencia como mestra de prácticas noutros centros educativos di que o máis habitual é integrar a Educación Plástica coas Ciencias. Neste centro, esta integración pode deberse a un proxecto que se estea levando a cabo na biblioteca ou a necesidade de desenvolver, potenciar e reforzar a capacidade de expresión e comunicación en Lingua Galega, posto que actualmente esta lingua estase a perder entre a poboación máis nova. Cabe dicir que este tipo de respostas incentivan a curiosidade por continuar o estudo e contrastalo con outras realidades.

A derradeira pregunta, nesta segunda parte do cuestionario pretende recoller información sobre os materiais que se empregan na Educación Plástica. Esta pregunta está moi relacionada coa pregunta sete (actividades que soen realizar os mestres), xa que os materiais, a maior parte das veces dependen das actividades propostas polos docentes.

Como podemos observar na gráfica, dos materiais propostos os máis empregados son as fichas relacionadas cunha época cultural do ano (50%) e o visionado de vídeos (+75%).

Gráfico 7: materiais empregados na Educación Plástica



Fonte: elaboración propia

A maior parte dos mestres, propón outro tipo de materiais que soe empregar habitualmente como poden ser os distintos tipos de papeis, fotografías, materiais reciclados, témperas, ceras, plastilina, libros da biblioteca, cartolinas, revistas... É dicir, cédenlle unha gran importancia aos soportes e aos materiais usualmente empregados para a pintura, quedando o resto excluídos. Cabe recordar, que os materiais non son os elementos máis importantes na Educación Plástica, pero si é adecuado que o alumnado coñeza e experimente con materiais variados.

Posiblemente, fose necesario achegarse ao emprego e uso deses materiais na escola, posto que na actualidade as disciplinas artísticas tradicionais atópanse moi interrelacionadas polo que os materiais e procedementos buscan os seus límites tamén cambiando de medio. É dicir, podemos debuxar con fume ou plastilina e realizar instalacións con libros ou cartolinas, entre outras cousas.

Nas respostas dadas, destaca o libro de texto. Como podemos observar na gráfica, ningún dos doce mestres que imparte docencia neste centro emprega o libro de texto na área de Educación Plástica.

Para concluír esta dimensión, dicir que o profesorado deste centro cédelle unha gran importancia á área da Educación Plástica. Aínda así, a formación do claustro de mestres resulta necesaria para poñer en práctica esta materia dun modo completo, xa que as actividades que realizan e os materiais quédanse no tradicional e non van máis alá. Como ben se dixo anteriormente, todas estas actividades deben buscar outras alternativas de reflexión e descubrimento.

O feito de que haxa docentes que empregan a Educación Plástica para simplemente colorear debuxos e decorar posteriormente a aula, conleva a prexuízos sociais, dado que moitas persoas consideran que a Educación Plástica redúcese a este tipo de actividades cando non é certo.

DIMENSIÓN III: libro de texto e fichas. Esta dimensión inclúe as preguntas nove, dez, once, doce e trece do cuestionario. Esta derradeira parte ten como finalidade achegarse á dependencia ou independencia do libro de texto e ao emprego das fichas por parte do profesorado.

Na pregunta número nove, os docentes deben opinar se a Educación Plástica é posible traballala co alumnado sen necesidade de empregar o libro de texto ou as fichas. Como podemos observar no gráfico, as doce respostas obtidas consideran innecesario o libro de texto e as fichas.

Gráfico 8: A Educación Plástica sen libro de texto?



Fonte: elaboración propia

Resultou curioso que non empreguen o libro de texto nesta área, posto que para o resto das áreas curriculares si teñen un libro que guía o proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, cabe lembrar que anteriormente, un 50% dos enquisados contestaron que si empregaban as fichas relacionadas con épocas culturais como o entroido e o nadal. Cal pode ser o motivo de que as empreguen pero non as vexan necesarias? Enlazando co marco teórico, pódese dicir que o profesorado emprega as fichas porque son un recurso fácil e rápido de preparar para levar á aula. Á hora de empregar as fichas na aula, tamén pode ter certa influencia a valoración e a actitude do mestre cara esta área.

As seguintes preguntas (dez, once e doce) non foron contestadas por ningún mestre, dado que nesta área curricular non empregan o libro de texto nin as fichas. O que resulta incongruente, xa que anteriormente as respostas dadas estableceron unha porcentaxe elevada de mestres que empregaban as fichas como recurso na súa labor docente.

Considero que o profesorado deste centro ao non empregar o libro de texto favorece ao ensino-aprendizaxe do alumnado, xa que este material é un impedimento á hora de realizar calquera actividade que se afaste da dinámica tradicional, limitando os temas, a organización das tarefas e do tempo e impedindo compatibilizar as áreas curriculares.

Na última pregunta do cuestionario, pedíase aos mestres que nos explicasen que recursos empregaban, xa que non tiñan libro de texto. Algúns dos mestres comentan que os recursos que empregan son de colleita propia e outros buscados na internet ou incluso en libros ou revistas da biblioteca. Os recursos que máis adoita empregar o profesorado do centro son os vídeos, as proxeccións e as exposicións.

3.5. comparativa entre a Educación Plástica de 1º e 6º de Primaria

Coa información recadada podemos observar que en ambos niveis educativos, a Educación Plástica ten unha valoración moi positiva por parte do profesorado do centro e outórganlle unha gran importancia no desenvolvemento integral do alumnado.

A diferenza maior entre os niveis extremos desta etapa, atópase nas actividades que realizan, destacando o debuxo libre. No primeiro curso está moi presente e a medida que avanzamos vai perdendo importancia e desaparece.

Baixo o meu punto de vista, o debuxo libre debe estar presente ao longo de toda a Educación Primaria, xa que os cativos a través do debuxo transmiten as súas ideas e sérvelles como medio de comunicación. Moitas veces, o alumnado emprega o debuxo para comunicar o que non o logra a través doutras vías.

Con isto, non se pretende que o alumnado só realice este tipo de actividades que presentan unha maior liberdade. Estas actividades deben de combinarse con outras máis dirixidas, que fomenten a creación persoal e todos os aspectos importantes que se recollen no Decreto e na parte teórico deste traballo.

En conclusión, o debuxo permítelle ao profesorado obter información sobre o estado psicolóxico e emocional do alumnado. Polo que o debuxo funciona como un vehículo que reflexa as emocións e proxecta a personalidade de maneira individual.

4. Conclusións

Ao longo deste traballo ofreceuse unha investigación de campo dentro do contexto educativo da Educación Primaria, co propósito de achegarse á posta en práctica da área de Educación Plástica. Esta investigación non permite xeneralizar os resultados a toda a poboación do ámbito escolar pero si axuda a coñecer e reflexionar un pouco máis sobre a práctica educativa nesta área curricular.

Coa investigación, lógrase dar resposta ao obxectivo principal: “dar a coñecer a posta en práctica dos docentes na área de Educación Plástica”. Para cumprir este obxectivo débense ter en conta moitos factores como poden ser o nivel económico do centro, a cooperación do claustro de profesores, a formación do mestre, a súa actitude cara a materia, etc. Neste caso, a práctica docente de dita área é activa e constante, o inconveniente localizado foi o excesivo emprego das manualidades. A Educación Plástica non só son manualidades, vai máis alá.

Por outra banda, considero que o profesorado en activo é o que debe contribuír á mellora da execución desta disciplina. Concretamente, a área de Educación Plástica neste centro é valorada positivamente e está considerada imprescindible para o desenvolvemento do alumnado. Por elo, os mestres intentan realizar diversas tarefas co alumnado durante todo o curso. A causa que máis afecta á posta en práctica da área é a falta de coñecementos e a escaseza de información e formación dos mestres. Aínda así, estou segura que coa actitude

do profesorado do centro, a medida que pase o tempo e teñan máis formación mellorarán a súa labor neste ámbito.

A raíz da investigación realizada, decateime da gran necesidade de incluír no *curriculum* das facultades de formación do profesorado máis dedicación horaria nas materias relacionadas coa Didáctica de Educación Plástica e Visual para que ensinen aos futuros mestres a traballar esta área. Por outro lado, é necesario un cambio de mentalidade nas administracións educativas para dotar de maiores recursos e formación para o profesorado dos centros.

Ademais, a partir da fundamentación teórica deste traballo considero que o enfoque do proceso de ensino-aprendizaxe é un dos principais problemas do Sistema Educativo Español. O poder da motivación, os intereses e os coñecementos previos deben estar sempre dentro do proceso de aprendizaxe.

Outra das achegas coa análise da información recadada é a independencia do libro de texto nesta área, o que resultou gratificante posto que actualmente esta ferramenta está presente na maior parte dos centros educativos galegos. Desde o meu punto de vista, o libro de texto é unha ferramenta innecesaria no proceso de ensino-aprendizaxe da Educación Plástica, dado que limita a capacidade do mestre para realizar os propios proxectos e non se adaptan aos intereses e coñecementos previos do alumnado, entre outras cousas. Cabe mencionar que é máis importante un bo profesor que un libro.

Cabe resaltar que a construción de instrumentos para unha investigación resulta complexa. Unha vez finalizado o traballo, considero que tería modificado algunhas preguntas ou introducido outras que me axudasen a recadar outro tipo de información para mellorar a análise. Posiblemente, o emprego deste cuestionario noutros centros educativos axudarían a completar a información da dimensión III, que actualmente no estudo queda escasa. Moitas das respostas obtidas incentivan a miña curiosidade por continuar o estudo de investigación e contrastalo con outras realidades.

Como posible proposta de mellora para a elaboración deste traballo, propoñería que a parte de investigación, concretamente a mostra seleccionada fose máis amplía, implicando a máis centros educativos. Desta maneira, a información e os resultados acadados poderíanse xeneralizar máis. Aínda así, considero que para iniciarse nunha investigación de campo a mostra é suficiente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Acaso, M. (2009). Lobo número dos: el hiperavance de la pedagogía tóxica. En *La Educación Artística no son manualidades* (págs. 36-75). Madrid: Catarata.

Acaso, M. (27 de novembro de 2017). Educar a La Manada: aprender a pensar como razón de la Educación Artística en el sistema educativo [Mensaje nun blog]. Recuperado de <http://www.mariaacaso.es/educar-la-manada-aprender-pensar-razon-la-educacion-artistica-sistema-educativo/>

Acción Magistral. (2015, Xullo 2). *Charla digital con María Acaso* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de https://www.youtube.com/watch?v=ld_X13DG800

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG núm. 171 (9 de setembro de 2014). Recuperado de <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/13316>

Eisner, E. (2004). *El arte y la creación de la mente*. Barcelona: Paidós Arte y Educación.

Fernández, E. (2018). *Titoría e Orientación Educativa. Cuestionario*. Manuscrito non publicado, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade Santiago de Compostela. A Coruña, Galicia.

Guerrero, A. (1996). Sociología de la organización escolar. En *Manual de sociología de la educación* (págs. 211-234). Madrid: Síntesis.

Guerrero, A. (2009). Los materiales didácticos en el aula. *Temas para la educación. Revista digital para profesionales de la enseñanza*, 5(227), 1-7. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/docuipdf.aspx?d=6415&s>

Maeso, F. (2003). El arte de construir el conocimiento artístico. El diseño curricular de Educación Artística en la escuela primaria. En R. Marín (coord.), *Didáctica de la Educación Artística* (págs. 229-271). Madrid: Pearson Educación.

- Marco, P. (2008). Conversaciones con uno mismo: Arte y Educación. En L. Martínez, R. Gutiérrez (coords.), *Nuevas propuestas de acción en Educación Artística* (págs. 49-55). Málaga: DL.
- Marín, R. (1991). La enseñanza de las Artes Plásticas. En F. Hernández, A. Jódar & R. Marín (coords.), *¿Qué es la Educación Artística?* (págs. 115-145). Girona: Sendai ediciones.
- Marín, R. (2003). Aprender a dibujar para aprender a vivir. En *Didáctica de la Educación Artística* (págs. 3-51). Madrid: Pearson Educación.
- Martínez, J. & Rodríguez, J. (2010). El currículum y el libro de texto. Una dialéctica siempre abierta. En J. G. Sacritán, *Incertidumbres y saberes sobre el currículum* (págs. 246-268). Madrid: Morata.
- Martínez, J. (2002). El libro de texto como tecnología. En *Políticas del libro de texto escolar* (págs. 35-59). Madrid: Morata.
- Martínez, L. & Gutiérrez, R. (2011). La programación en el área de las Artes Plásticas. En *Las Artes Plásticas y su función en la escuela* (págs. 95-107). Málaga: ediciones Aljibe.
- Pérez, I. (2002). *Didáctica de la Educación Plástica. El taller de arte en la escuela*. Buenos Aires: Magisterio del Río de la Plata.
- Pérez, S. (2010). Los recursos didácticos. *Temas para la educación. Revista digital para profesionales de la enseñanza*, 9(84), 1-6. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/docuipdf.aspx?d=7396&s>
- Rodríguez, J. (2010). Materiais curriculares. En J. Caride, & F. Trillo (directores), *Diccionario Galego de Pedagogía* (págs. 396-399). Santiago de Compostela: Galaxia.

**Anexo I: Cuestionario sobre a posta en
práctica da Educación Artística (Plástica) nas
aulas de Primaria.**

**Cuestionario sobre a posta en
práctica da Educación Artística (Plástica)
nas aulas de Primaria**

Estimado/a mestre/a:

No marco da realización do meu traballo de Fin de Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Universidade de Santiago de Compostela, titulado “A posta en práctica da Educación Plástica nas aulas de Primaria” baixo a titorización da profesora Olalla Cortizas Varela e, co fin de coñecer no contexto escolar a metodoloxía e a importancia que lle dá o profesorado á área de Educación Artística (Plástica) materia, rógolle a súa colaboración para responder as cuestións que se formulan a continuación.

Moitas grazas pola súa colaboración. Se desexa coñecer os resultados acadados pode contactar comigo no seguinte e-mail: lucia.taboas@rai.usc.es

Idade:

Anos que leva impartindo docencia:

Curso actual no que imparte docencia:

1. Defina como entende a materia de Educación Plástica?

2. Que grao de importancia cre que ten a Educación Plástica na educación do alumnado?
Escolla do 1 ao 5, sendo 1 o valor mínimo e 5 o valor máximo.

1

2

3

4

5

3. Incrementaría o horario da Educación Plástica se fose posible?

Si Non

Por que? _____

4. No currículo de Educación Primaria establécese dedicarlle unha hora semanal a esta área. Na práctica, canto tempo lle dedica? _____

5. Para que empregou a hora de Educación Plástica durante as tres últimas semanas?

Para rematar tarefas pendentes doutras materias

Como hora de desconexión

Para realizar debuxos

Para modelar plastilina

Para visitar unha exposición

Outras

Cales? _____

6. Durante as tres derradeiras semanas traballou a Educación Plástica relacionada con outras áreas?

Si Non

Con cales? _____

7. Que actividades soe realizar nunha clase de Educación Plástica? (Pode marcar máis dunha opción).

Realizo actividades propostas polo libro

Traballo con proxectos interdisciplinarios

O alumno/a realiza debuxo libre

Decoramos a aula

Visitamos algún tipo de exposición

Elaboramos murais

Outras

Cales? _____

8. Que materiais emprega na Educación Plástica? (Pode marcar máis dunha opción).

Fichas relacionadas co entroido, nadal...

Libro de texto

Vídeos

Outros

Cales? _____

9. En qué medida considera que a Educación Plástica se pode traballar sen necesidade de empregar o libro de texto ou as fichas? Escolla do 1 ao 5, sendo 1 o valor mínimo e 5 o valor máximo.

1

2

3

4

5

10. No caso de empregar o libro de texto, cal utiliza? _____

11. En caso de empregar libro de texto ou fichas, cal é o motivo? (Pode marcar máis dunha opción).

A mellor maneira de seguir o currículo de Educación primaria

Comodidade

Seguridade

Outro, cal? _____

12. Se fose posible, realizaría modificacións no libro de texto?

Si Non

No caso de marcar si, diga cal é o motivo de maneira xeral:

13. No caso de non empregar o libro de texto ou as fichas como único recurso, que outros recursos emprega?
